



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “MELLORA DO CAMIÑO MUNICIPAL DE CERQUEDA A POZACAS”, COFINANCIADA CON CARGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A EXMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

**( EXPEDIENTE SIGEM: 2018/C003/000013).**

1. Emitido o informe xustificativo da necesidade de contratación en data de 19.10.2018 obrante no expediente.
2. Logo de ver o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente asinado en data de 25.10.2018 pola Interventora do Concello.
3. Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía obrante no expediente.
4. Logo de ver o informe de secretaría emitido en data de 05.11.2018 e obrante en SIGEM como documento electrónico, así como o informe de intervención de fiscalización favorable de data de 07.11.2018 obrante en SIGEM como documento electrónico.
5. Considerando que o proxecto técnico da obra “Mellora do camiño municipal de Cerqueda a Pozacas” aprobouse por resolución da Alcaldía nº 348/2018 de 4 de xullo de 2018, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, onde se inclúe a acta de replanteo previa do proxecto.
6. Logo de ver o disposto no artigo 116 e 117 da LCSP, e tendo en conta o establecido no artigo 159 da LCSP.

E en atención ás competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ( LCSP) presente RESOLVO:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas tipo e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto simplificado da obra “MELLORA DO CAMIÑO MUNICIPAL DE CERQUEDA A POZACAS”. A base impositiva é de 54.180,92 €, ao que se engade a cantidade de 11.377,99 €, resultando un prezo do contrato de 65.558,91 €.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento( artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Segundo:** Autorizar, en contía de 65.558,91 euros o gasto que representa a contratación referida, con cargo á partida do estado de gastos do Orzamento Municipal 2018, 454.61900.

**Terceiro:** Nomear a Mesa de Contratación, que estará composta por:

- Presidente: Eduardo José Parga Veiga, Alcalde-Presidente ( suplente: Eva M<sup>a</sup> Jardón López, Tesoureira do Concello).
- Vocais:
  - o Mónica Pichel García, Secretaria do Concello
  - o Ana María Iglesias Gato, Interventora do Concello
  - o Eva M<sup>a</sup> Jardón López, Tesoureira do Concello.
- Secretaria: Eva Canedo Iglesias, funcionaria interina do Concello de Malpica de Bergantiños, (por aplicación do previsto na DA 2<sup>a</sup> LCSP)

**Cuarto:** Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Eduardo José Parga Veiga, do que eu, Mónica Pichel García, como Secretaria, e aos únicos efectos de fé pública ( RD 1174/1987, de 18 de decembro) dou fé.